

ORDENANZA 3.17
TAXA POLO ESTACIONAMENTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA NAS
VIAS PÚBLICAS MUNICIPAIS

Artigo 1º. Natureza e fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Concello establece a Taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais, a que se refire o art.20.3 u) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do TRFL e na Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo da O.R.A. e aparcamento de residentes.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible a utilización privativa do dominio público local constituído polos espazos de aparcamento en superficie delimitados para ó estacionamento de vehículos de tracción mecánica, de acordo coa normativa desenvolvida pola Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo da O.R.A. e aparcamento de residentes.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que gocen, utilicen, ou aproveiten especialmente o dominio público local constituído polos espazos de aparcamento en superficie delimitados para o estacionamento de vehículos de tracción mecánica, de acordo coa normativa desenvolvida pola Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo da O.R.A. e aparcamento de residentes.

Artigo 4º. Cota tributaria

A contía da taxa por estacionamento é:

- 1.- Zona regulada ordinaria (zona azul):

a. Réxime xeral : Prepagado por un máximo de 120 minutos con un custo máximo de 1,05 €. Un mínimo de 17 minutos con un custo de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05€, segundo os seguintes tramos:

<i>TEMPO TARIFA EN €</i>	
17	0,15
23	0,20
28	0,25
34	0,30
40	0,35
45	0,40
51	0,45
56	0,50
62	0,55
68	0,60
73	0,65
79	0,70
84	0,75
89	0,80
95	0,85
101	0,90
107	0,95
113	1,00
120	1,05

b. Réxime xeral de curta duración: Prepagado por un máximo de 60 minutos con un custo máximo de 0,55 €. Un mínimo de 17 minutos con un custo de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05€, segundo os seguintes tramos:

<i>TEMPO TARIFA EN €</i>	
20	0,15
25	0,20
30	0,25
35	0,30
40	0,35
45	0,40
50	0,45
55	0,50
60	0,55

c. Réxime xeral de longa duración: Prepagado por un máximo de 240 minutos cun custo máximo de 1,05 €. Un mínimo de 34 minutos cun custo de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05 €, segundo os seguintes tramos:

<i>MINUTOS TARIFA EN €</i>	
34	0,15
46	0,20
57	0,25
69	0,30
81	0,35
91	0,40
104	0,45
114	0,50
126	0,55
139	0,60
148	0,65
160	0,70
171	0,75
183	0,80
194	0,85
205	0,90
217	0,95
229	1,00
240	1,05

d. Réxime excepcional para residentes: Prepagado por un máximo de 240 minutos cun custo máximo de 1,05 €. Un mínimo de 34 minutos cun custo de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05 €, segundo os seguintes tramos:

<i>MINUTOS TARIFA EN €</i>	
34	0,15
46	0,20
57	0,25
69	0,30
81	0,35
91	0,40
104	0,45

114	0,50
126	0,55
139	0,60
148	0,65
160	0,70
171	0,75
183	0,80
194	0,85
205	0,90
217	0,95
229	1,00
240	1,05

e. Exceso de tempo sinalado no ticket ata un máximo de 30 minutos: Complementaria pospagada por 2,90 €

f. Especial de anulación por non ter ticket ata un máximo de 60 minutos dende a hora do aviso de denuncia: Complementaria pospagada por 6,00€

2.- Réxime excepcional de residentes (zona verde): 50 € ano, agás o réxime excepcional de residentes por razón de domicilio (zona verde) que será gratuito.

Artigo 5º. Devengo

A taxa para a zona regulada ordinaria devéngase no momento en que se efectúe o estacionamento do vehículo.

A taxa para o réxime excepcional de residentes devéngase no momento de presentar a solicitude da tarxeta ou distintivo. A vixencia do distintivo de residente é bianual.

Artigo 6º. Normas de xestión

1.- Taxa para a zona regulada ordinaria:

O pago realizarase no momento de obter o correspondente boleto nas máquinas expendedoras. O boleto acreditativo do pago para os supostos a), b), c) e d) do artigo 4.1 deberá exhibirse no

parabrisas dianteiro do vehículo e dende un lugar visible dende o exterior. Para os supostos e) e f) do mesmo artigo actuarase como establece a Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo da O.R.A. e aparcamento de residentes.

2.- Taxa para o réxime excepcional de residentes:

O prazo de solicitude para a nova petición ou renovación de distintivo ou tarxeta de residente (bianual) finalizará o 31 de xaneiro. Con carácter excepcional para os novos vehículos e cambios de domicilio habilitaranse os días 1 ó 10 de cada mes.

O importe da cota prorratearase por semestres naturais nos casos de solicitudes realizadas con carácter excepcional no período que se sinala no parágrafo anterior. O semestre en curso no momento da solicitude será incluído no importe liquidado no prorrateo.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación que deberá ser ingresada nas Entidades bancarias debidamente autorizadas.

Artigo 7º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á clasificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil doce, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de vinteseis de decembro de dous mil doce. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil trece, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.